



## Parlamento das Letras: Jaureguizar

Publicado o [13/02/2013](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/02/13/parlamento-das-letras-jaureguizar/>

*Jaureguizar é un purosangue literario: nada de veleidades de vaudeville, nada de arrouts líricos, nada de contística adoita. O seu é o trip hop narrativo, preferentemente arrufado de bravú novelístico e un constante experimentar de fórmulas en triplo mortal sen rede.*

*Este incansable minotauro aleitado en Bilbo e criado baixo as arcadas da beiramar das Catedrais é hoxe francotirador de rotativo, pero ten sido tamén castigador de harmonías co grupo Elvis Christo Furious Machine, produtor de aventuras literarias e mesmo ocasional tradutor dos soños narrativos doutros.*

*Rexenta unha tasca dixital onde ninguén é forasteiro que se ten convertido, por dereito propio, en furancho de paso de todos os que ciberliteraturizamos en galego. Nos bytes das paredes do seu Cabaret Voltaire fica a memoria de moita esmorga literaria: os devecidos do fridom spik, os suburbiais que comen espaguetes diante da televisión, os maltratados currantes da eterna crónica universal da clase obreira, toda a xentalla que habita as horas sucias, os neohippies contempladores do lar Skylab e mesmo os impenitentes globeiros shakespeareanos. Uns e outros sempre a cen, coas súas rutinas corsarias, a pel curtida polo salitre de esquivar baleas e vacas mortas, deixándose os pulmóns anegados de plastilina, decote a soñar con cabanas na lúa tal que contadores de estrelas ou heroes de corazón de chocolate, amores de serea e misterios imposibles.*

*Todo un fenómeno Jaureguizar: imprevisible, indefinible e irredutible, comme il faut ¡Ai non!*

### **—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?**

Os primeiros textos de certa entidade publiqueinos con vinte anos en *La Comarca del Eo*, o semanario de Ribadeo. Pregunteille ao director, un republicano con sona de túzaro, se mo permitía. “Mentres non digas tacos e non te metas cos curas, non hai problema, rapaz. O dos curas dáme igual, pero é pola xente”, explicoume.

### **—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?**

A mellor tratada foi *Fridom spik*, aínda que houbo quen a puxo pingando, indignado con tanta sinxeleza. Os meus libros malos nunca foron castigados como merecían. Este país é cativo e ás

veces os críticos prefiren calar a que os mires mal. Si houbo unha obra desaparecida, *As horas sucias*. Quedou soterrada por *Breve crónica universal da clase obreira*. É unha novela que traballei arreo, na que falo dos medios de comunicación, pero quedou no limbo.

**—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?**

Escribir é unha actividade continua no meu caso, porque dedico todo o día ao xornalismo e á literatura. Nunca terei artrite nos dedos. Para a narrativa, procuro empezar no abrente, con dúas ou tres horas por diante. Prendo Spotify e poño a voz efeminada de Chet Baker, que me relaxa, ou algún concerto de Michel Petrucciani. Vou vello, antes soaban Public Enemy e AC/DC.

**—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?**

Trato cada día de cumprir o compromiso, adquirido hai vinte anos, de non tomarme demasiado en serio e menos a miña obra. Formei parte da Xeración Knows, un replicante da Xeración Nós na visión transnacional. Xa case que ninguén escribe dos que andabamos aí. Venceunos o desánimo. Síntome Ginsberg. Hai que ter en conta que estabamos á cola dos intelectuais que xurdiron na autonomía e se beneficiaron dela. Esas persoas andan entre os 50 e os 70 anos. Eles nunca experimentaran o poder alén de dar charlas toleradas pola Secreta nos teleclubs. Foron creando institucións e entidades financiadas maioritariamente con cartos públicos. De feito, hai algunhas sen función coñecida, outras con funcións clonadas. O mapa de entidades culturais é caótico e torpe de funcionamento, pero ninguén se vai enzoufar para mudar o *statu quo*. As autoridades políticas séntense cómodas e os dignatarios culturais, que as critican de cando en vez para significarse, tamén.

A miña xeración agardou pola súa quenda. Pero non chegou porque a vocación dos ocupantes era vitalicia. Mesmo, diante das leis decadentes da xenética, os establecidos aseguraron o transvase de poder aos achegados no sentido de pertenza a unha estirpe de fidelidades ou consanguinidade. A consecuencia é que a cultura galega esmorece, pero non soamente polas contadas décadas de vida que lle quedan á lingua como ser latente, tamén porque hai un roteiro cultural cheo de estradas carísimas de manter e que conducen ao mesmo sitio. A xestión non está en mans dos máis capaces, senón dos mellor situados pola padriñaxe.

Sen personalizar, abonda con pensar o desequilibrio que temos, con todo o peso do investimento e da actividade cultural no Eixo Atlántico. Lugo e Ourense non existen máis que cando hai que ir darse un aire polo Courel, mirar o florido país que temos e poñerlle unhas flores a Uxío. Este desequilibrio tería que corrixilo a Xunta e o resto de institucións. A Xeración Knows tardou moito en recoñecer esas estruturas rixidas, traballou arreo crendo que o esforzo tería recompensa. Quedou abandonada no páramo, ignorada. Dáme mágoa polos máis válidos, desperdiciados pola morganatismo nacional. Os que veñen tras de nós, os que teñen agora trinta anos, decatáronse de que o seu futuro na cultura galega estaba escrito en letras de invisibilidade. No canto de bater contra a nomenclatura opaca, están baixándose películas e discos en inglés. Asemade, os compracidos guías da nosa cultura carecen dunha idea aproximada sobre o que os motiva, pero nin se toman o traballo de informarse.

**—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?**

Escoitando Os Resentidos e comparándoos con The Residents aprendín que se podía facer cultura moderna e en galego.

**—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?**

Hai catro libros basais na miña obra: *A illa do tesouro*, de Stevenson, polo sentido do ritmo e a complexidade dos personaxes; *Escola de menciñeiros*, de Cunqueiro, pola fantasía, o humor e a mestura do culto e o popular; *O castelo*, de Kafka, polo sentido perplexo de bater contra a realidade, e *Derecho privado romano*, de Álvaro D'Ors, porque me aprendeu a estruturar un texto. Son catro obras que releo. Tamén o fago con Saul Bellow, John Updike e Norman Mailer. Nestes meses ando lendo todo o publicado no The New Yorker, ese si que é un canon literario. Fascíneme Abbott Joseph Liebling. Inventou o Novo Xornalismo, malia que non o etiquetou.

**—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?**

As nosas letras son anómalas. Vivimos nunha xerontocracia filolóxica e atlántica. Non hai país no mundo no que a poesía sexa o xénero raíña. Normalmente, as culturas desenvolvidas (a alemá, a francesa...) son guiadas por pensadores que dan visións xerais e marcan a ruta colectiva. Mesmo culturas individualistas, como a anglosaxoa, están dominadas polos novelistas, porque eles fan unha interpretación de cada vida en singular que axuda aos receptores a sacudirse a perplexidade existencial. Neste país, non; neste país o importante son os nomes das partes do carro, como di Manuel Rodríguez Alonso, e que os Seijas escriban Seixas aínda que despois falen soamente en español.

A cultura galega é unha lección de anatomía rembrandtiana impartida a porta pechada. Ten unha asistencia limitada de doutores que analizan sobre a mesa de disección o cadáver desas mil primaveras que deixamos atrás. O feito de termos expertos en lingua cadrando balances contables é unha singularidade que, ben administrada, poderíamos usar como argumento sólido e único para a emancipación.

**—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?**

Case que nada. Había literatura antes de que empezase a miña e seguirá habéndoa. O único que non me perdoaría non deixar escrito é a serie que protagoniza Tintimán. Xa viviu aventuras en Santiago e A Coruña; agora sae a de Vigo e estou con Lugo. Faltan Ourense, Ferrol e Pontevedra. Non mo perdoaría por unha débeda emocional co editor, Manuel Bragado. El nunca me deu unha resposta negativa nin me afeou nada. Valoro a fidelidade por riba de todo.

**—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?**

O noso presente literario é un caldo en repouso. Hai un pánico a pisar as bandas rodantes da autoestrada que me indigna. Custa atopar unha proposta que se bote fóra do feminismo, antipatriarcalismo, nacionalismo, anticapitalismo, guerracivilismo... Aburre tanto foco moral sobre os textos. A literatura non é Educación para a Cidadanía, ten que falar de como é a realidade, non de como debería ser. Borrazás deixoume orfo; pero, ben, de cando en vez publica Cid Cabido.